

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE LALÍN PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA CENTRAL DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA TÉRMICA EN LALÍN

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

E por outra, D. José Crespo Iglesias, alcalde de Lalín, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.– Que o 8 de setembro de 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (actualmente Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) subscribiu un convenio de colaboración coa Axencia Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) para o desenvolvemento de proxectos de enerxías renovables cofinanciados con Fondos Feder no Marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.

O obxecto do citado convenio é establecer as bases de colaboración entre o INEGA e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para impulsar o emprego das enerxías renovables nos centros educativos citados no Anexo I situados en Lalín, Santiago de Compostela, Ourense, Vigo e Lugo, entre os que se cita o **o proxecto de District Heating, na citada poboación de Lalín**, que ten como fin dotar ao Instituto de Ensino



Secundario Ramón María Aller Ulloa dunha sala de caldeiras, na parcela situada no predio do centro, que alimentará de enerxía térmica aos edificios I.E.S. Ramón María Aller Ulloa, C.E.I.P. Xesús Golmar, Auditorio de Lalín e Escola Infantil Galiña Azul.

O financiamento destes proxectos realizaranse con fondos comunitarios do programa operativo 2014-2020 nun 80%, sendo asumido o restante 20% con fondos propios da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Este proxecto, redactado por Víctor Sánchez Villar, enxeñeiro técnico industrial, ten como fin a implantación dunha rede de distribución de calor para abastecemento de calefacción e auga quente sanitaria, mediante unha rede de conducións soterradas que abastecen de enerxía térmica a cada un dos edificios, utilizando a biomasa como fonte de enerxía primaria para os edificios citados anteriormente, mellorando a eficiencia enerxética dos mesmos, sendo os obxectivos globais da actuación a redución do consumo de combustibles fósiles (gasóleo, gas natural, propano...) e as emisións asociadas de gases de efecto invernadoiro.

Segundo.- Que a inclusión no proxecto dos edificios Auditorio e Galiña Azul, de titularidade do Concello de Lalín, permitiralles dispoñer dunha fonte de enerxía alternativa que utiliza a biomasa como enerxía primaria, cun custe económico por unidade de calor menor que o actual (gasóleo C). A nova subministración non emite gases de efecto invernadoiro, incrementa a seguridade de abastecemento dos edificios ao ser un sistema redundante e diversifica as fontes de enerxía utilizadas.

O incremento do número de edificios interconectados á rede de calor aumentarán a eficiencia enerxética da instalación, diminuírá os custes de cada unidade de enerxía consumida ao aproveitar as economías de escala e promoverá a concienciación ambiental dos usuarios (alumnos), polo que se propón incluír na rede de calor a todos os edificios docentes da contorna do I.E.S. Ramón María Aller Ulloa, citados anteriormente, en particular os edificios Auditorio e E.I. Galiña Azul, que dispoñen de sendas salas de caldeiras para subministro de enerxía térmica a todo o edificio.

Terceiro.- Que o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias,



pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, os principios de colaboración e cooperación deben presidir as relacións entre as distintas administracións públicas, de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Cuarto.- Que os edificios Auditorio de Lalín e Escola Infantil Galiña Azul están sendo utilizados na actualidade polo Concello de Lalín, o cal ostenta a súa titularidade.

Quinto.- Que o obxecto do presente convenio é regular as condicións da colaboración entre as partes asinantes, de xeito que o Concello de Lalín se incorpore ao proxecto como consumidora de enerxía térmica nos edificios Auditorio e E.I. Galiña Azul.

En todo caso o uso da instalación, unha vez rematada, será de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Sexto.- Que a Constitución Española recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de cambio climático obriga a impulsar medidas relativas á diminución as emisións de gases de efecto invernadoiro e promoción das enerxías renovables nos centros docentes, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida as actuacións públicas conforme aos principios xerais de eficacia e eficiencia na asignación de recursos públicos (artigos 7 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade).

En virtude do exposto e recoñecéndose todas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é o establecemento das bases para a colaboración relativa á inclusión dos edificios Auditorio e E.I. Galiña Azul, de titularidade do Concello de Lalín, na rede de distribución de calor que se implantará a través do proxecto de District Heating de Lalín, que ten como fin dotar ao Instituto de Ensino Secundario Ramón María Aller Ulloa dunha sala de caldeiras que alimentará de enerxía térmica ademais de a dito instituto a outros edificios próximos.

A instalación incluírá a acometida soterrada ás respectivas salas de caldeiras mediante dúas tubaxes (unha de ida e outra de retorno), instalación dun intercambiador de placas e o resto de compoñentes.

Segunda.-Obrigas das partes. Funcionamento da rede de distribución de calor.

1. A **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades** executará pola súa conta as obras necesarias para dotar de subministración de enerxía térmica aos edificios citados (Auditorio e E.I. Galiña Azul) e asumirá integramente o custe da execución do proxecto citado, en particular as conducións a través do predio dos edificios Auditorio e E.I. Galiña Azul, as acometidas, a implantación dos sistemas de interconexión (intercambiadores) e reformas das actuais salas de caldeiras dos mesmos segundo o proxecto citado.

O **Concello de Lalín** comprométese a facilitar a realización das ditas actuacións, en particular o acceso aos operarios que traballen na obra, os datos de consumo dispoñibles, subministración de enerxía que sexa necesaria (auga, electricidade...) e o outras actuacións accesorias que sexan necesarias para executar a obra.

2. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades será a titular da citada rede, que funcionará no período de frío (aproximadamente entre o 15 de outubro e o 15 de maio), segundo a demanda de enerxía térmica dos edificios a esta conectados, especialmente nas horas lectivas. A este fin, os centros participantes na instalación de produción de calor



comunicarán á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades as necesidades de calefacción e produción de auga quente sanitaria, para que esta realice a programación do funcionamento da mesma.

Unha vez en funcionamento a nova instalación, as subestacións receptoras disporán de dispositivos de medida do consumo de enerxía térmica (auga quente sanitaria e calefacción) nos puntos de consumo. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asumirá os gastos de compra de combustible (biomasa), consumo de electricidade e mantemento da instalación, que serán asumidos proporcionalmente polos centros de gasto correspondente segundo os consumos de enerxía rexistrados en cada un dos centros receptores. O Concello de Lalín comprométese ao pago da cantidade proporcional dos custes de enerxía térmica e eléctrica consumida.

No caso que o Concello de Lalín non pague os importes económicos correspondentes nun prazo de seis meses desde a súa notificación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá suprimir a subministración de enerxía térmica ao edificio, no caso de non existir un motivo xustificado, previa comunicación ao Concello de Lalín.

Así mesmo, unha vez que a instalación estea en funcionamento, no momento en que o Concello de Lalín non desexe seguir recibindo enerxía térmica da central de biomasa o deberá comunicar formalmente, con dous meses de antelación, e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades deixará de realizar esta subministración. Neste caso o Concello de Lalín non deberá pagar cantidade algunha á Consellería polo funcionamento da instalación unha vez que deixe de recibir esta subministración.

A nova configuración das salas de caldeiras dos edificios E.I. Galiña Azul e Auditorio permitirá o funcionamento de forma independente do subministro de enerxía térmica procedente da nova instalación de biomasa, mantendo as instalacións actuais para subministración con gasóleo C (caldeiras, depósitos...).

As instalacións existentes nos predios pertencentes ao Concello de Lalín (Auditorio e E.I. Galiña Azul) serán exclusivamente para a subministración de enerxía térmica a estes edificios, non



constituíndose servidumes de paso para a subministración aos edificios da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade.

Terceira.- Comisión mixta de seguimento.

Para facilitar o seguimento do convenio constituírse unha comisión mixta de seguimento do convenio, sen prexuízo das competencias atribuídas aos órganos competentes das Administracións asinantes, integrada por un representante de cada parte á que poderán asistir outros técnicos en labores de asistencia.

A comisión mixta rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para os órganos colexiados.

As discrepancias que xurdan pola aplicación do presente convenio serán resoltas no seo desta comisión de seguimento, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Cuarta.- Vixencia do convenio e causas de resolución.

1. O presente convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o remate da colaboración establecida na cláusula segunda.

2. O convenio poderá ser resolto por calquera das partes, con obriga de facelo mediante comunicación escrita e cunha antelación mínima dun mes por algunha das seguintes causas:

a) Mutuo acordo.

b) Imposibilidade sobrevida, legal ou material, a desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.

c) Vontade unilateral de calquera das partes.

d) Por incumprimento do seu clausulado.



e) Por declaración xudicial da súa nulidade.

f) Polo resto das causas previstas no ordenamento xurídico.

En canto á resolución e aos efectos correspondentes estarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Quinta.- Réxime de incumprimentos

Os incumprimentos das obrigas ou compromisos por calquera das partes implicará que teña que asumir os danos e prexuízos causados e, no seu caso, á indemnización correspondente. Tamén poderá implicar a resolución do presente convenio.

Sexta.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, e no equivalente do Concello de Lalín, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Lalín acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Sétima.- Protección de datos.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección



de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Oitava.- Relacións electrónicas.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En todo caso, en relación as comunicacións entre as administracións públicas asinantes do presente convenio, de acordo coa súa condición, relacionaranse electronicamente a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), tal e como se preceptúa no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 3.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e nos artigos 56 e 60 do Real decreto 203/2021, do 30 marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

Non obstante do anterior, de non poder empregarse o SIR, as diferentes comunicacións entre ambas as dúas administracións efectuaranse a través dos medios de notificación habilitados en



cada unha delas.

Novena.- Natureza xurídica.

O presente convenio atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do disposto no seu artigo 6.

Sempre que resulte compatible co establecido no presente convenio, será de aplicación o réxime xurídico establecido para a xestión patrimonial na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

En proba de conformidade co expresado no convenio, asínase polas partes comparecentes, na data da súa sinatura dixital

Pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

O conselleiro

Román Rodríguez González

Polo Concello de Lalín

O alcalde

José Crespo Iglesias

